



EDITORIAL

¿NUCLEAR? NON, GRACIAS

Con inusitada incredulidade asistimos á escenificación da hipocresía, ao colonialismo máis burdo, á intransixencia e a falta de sensibilidade dun goberno, o goberno conservador francés e ao que temos que unir o da R.P. China, ante a petición de millóns e millóns de personas de todo o planeta que reclaman racionalidade e respecto fronte á barbarie e á demagogía. O argumento esgrimido en centos de manifestacións non admite dúbidas: se as probas nucleares son seguras e non teñen efectos secundarios, ¿por que non as fan no subsolo de París?. O goberno francés, ao romper co acordo da moratoria nuclear do ano 92, asinado pola propia Francia, senta un precedente moi perigoso, de autoritarismo e de formas de actuar propias da oligarquía nuclear que goberna o mundo ao seu antoxo (os cinco países que "legalmente" teñen armamento nuclear, Estados Unidos, Rusia, Gran Bretaña, Francia e China). O argumento de que as probas fanse para manter a seguridade dos franceses é un asunto discutible, e que en todo caso deben decidir en primeiro lugar eles mesmos, aínda que non só pola interdependencia que existe nesta aldea global que é o planeta. O que xa raia a tomadura de pelo é que digan que as probas nucleares fanse tamén para garantir a seguridade dos europeos. Como tales, como cidadáns europeos e non só consumidores, nen fumos consultados nen informados. Unha vez máis, a tecnocracia bota por terra os principios democráticos: a toma de decisións que nos afectan a todas e todos quedan en mans duns poucos, que son os que deciden por todos nós. Ademais, non podemos esquecer as datas recentes da chamada guerra fría onde, desde o punto de vista militar, as zonas e países con armamento nuclear eran os máis inseguros en tanto en canto son obxectivos prioritarios de ataque, ademais do risco de accidente nuclear.

Por outro lado, a nosa denuncia e rexeitamento das probas nucleares ven por dúas razóns máis, igualmente poderosas. Unha é a agresión ambiental das mesmas e outra a inxustificación ética, o fraude moral que supón gastar miles de

millóns de francos mentres hai pobreza en Francia, en Europa e no resto do mundo. Polas razóns esgrimidas - seguridade, respecto ao meio ambiente, utilización dos gastos das probas nucleares en necesidades sociais-, queremos que se prohiban todo tipo de ensaios nucleares como primeiro paso para eliminar da faz da terra toda arma nuclear. A presión internacional e a loita nonviolenta (boicots; manifestacións; peches; actos informativos; etc.) para conquistar ditos obxectivos deben continuar. Nesta acción, ao marxe de posibles erros estratéxicos, debemos recoñecer, agradecer e apoiar a loita levada por GREENPEACE, a pesar de ser atacada por certos sectores en determinados medios de comunicación. Finalmente, queremos rematar este editorial coas certas e sempre ben construídas palabras de Manuel Vicent nunha tira de El País: "Realizar unha proba nuclear é un crime contra a humanidade. Nas escolas de Francia ensínase aos nenos a non tirar papeis ao chán. Ali os políticos tamén advirten aos cidadáns dos perigos de usar aerosois e de non controlar as pilas do transistor xa usadas. Seguindo esta consigna, os nenos franceses non tiran papeis ao chán pero Chirac pode tirar unha bomba atómica no atolón de Mururoa".


FORGES (EL PAIS, 2/9/95)



AUTORES VARIOS (1995): Educar para a paz.

Ferrol, Servicio Municipal de Educación, Concello de Ferrol.

Facía tempo que non tínhamos unha publicación auspiciada por un concello, en tanto instancia mediadora de recursos para a comunidade educativa. Celebramos este feito en si mesmo e agardamos que con ela o Servicio Municipal de Educación de Ferrol continua na linea encetada.



Cunha coidada presentación, a publicación conta o desenvolvemento da interesante campaña que se desenvolveu no curso 94-95 cos obxectivos de: a) Destaca-la necesidade da paz para a convivencia, o progreso e a plenitude das relacións humanas; b) facilitar á comunidade educativa recursos para a educación para a paz e a educación en valores; c) coñecer e traballar en favor da paz, desde perspectivas diversas a través de múltiples medios e manifestacións da comunicación humana.

A publicación inclúe dous ensaios. O primeiro, "A educación para a paz na reforma", de Xesús R. Jares, presenta as claves dos conceptos de educación para a paz e transversalidade, e as súas implicacións na práctica escolar. O segundo, "Libros para construir a paz", de Agustín Fdez. Paz, presenta textos e reflexións sobre a relación entre paz e literatura infantil. Recollense tamén reproducións dos carteis e poesías feitos polo alumnado que participou na campaña, así como varias e preciosas ilustracións de Xan López Domínguez. Todo o anterior completase cun relatorio das propostas que se realizaron e que tocaron aspectos como a música, a literatura, exposicións, proxeccións, recital e a elaboración dun Manifesto pola Paz. A posta en marcha deste Programa e a propia publicación, son actividades que gostaríamos ver repetidas en sucesivas ocasións no Concello de Ferrol así como en tódolos concellos.

As persoas interesadas neste programa educativo e a publicación deben dirixirse a:


Servicio Municipal de Educación.

Tfno. (981) 336700 Ext. 154 - Fax: (981) 32 54 42

AUTORES VARIOS (1995): "Tema monográfico: Educación para la paz". Revista Interuniversitaria de formación del profesorado, nº 22, xaneiro-abril.

A Revista Interuniversitaria de Formación do Profesorado, continuación da antiga Revista de Escolas Normais, que edita a Asociación Universitaria de Formación

do Profesorado (AUFOP), súmase con este número ao reto de desenvolver a dimensión educativa que nos ocupa, a Educación para a Paz (EP). O tema, coordinado polo incansable e amigo Prof. Martín Rguez. Rojo, está composto por cinco ensaios: "Violencia estructural y currículo orientado a la educación para la paz", de Alfonso Fdez. Herrería, no que se fai unha análise das vio-



lencias estruturais do sistema educativo e cómo impregnan todo o currículo; "La educación para la paz y la metodología educativa en el currículo escolar", de Carlos Sainz Palmero, no que se abordan as propostas didácticas da Reforma e as alternativas desde a EP; "El juego no competitivo como recurso didáctico en el currículo escolar de Educación Física", do Grupo "La Comba" de Valladolid, no que se aborda o xogo non competitivo como recurso didáctico fundamental na área de Educación Física; "El contexto organizativo de un Proyecto Curricular de Paz", de Xesús R. Jares, no que se analiza o significado da ruptura entre a dimensión organizativa e curricular na educación, para, a partir de aí, facer unhas propostas sobre a organización dos centros; "Educación para la paz y evaluación", de José L. San Fabián, na que reclama a necesidade da avaliación e a coherencia desta cos principios da EP.

Coincidindo coa tese do número de que compre profundizar no debate teórico do significado de educar para a paz, se exceptuamos a entrega sobre o xogo cooperativo, o resto dos artigos danlle preferencia a ese debate teórico, pero sen perder de vista a práctica. Aquí abóndanse as grandes cuestións de toda proposta educativa formal, a relación currículum-violencia estrutural; a metodoloxía didáctica; as propostas didácticas non competitivas; e, tanto pola súa novidade como polos escasos traballos que sobre os mesmos existen no noso país, enfatizamos o papel da dimensión organizativa e da avaliación na construción dos proxectos educativos inspirados desde a EP.


As persoas interesadas nesta publicación poden dirixirse a: Escuela Universitaria de Magisterio de Teruel. Ciudad Escolar, s/n. 44071 TERUEL. Tfno: (978) 61 03 25. Fax: (978) 60 32 25.

AUTORES VARIOS (1995): XVII Certame literario "A Paz".

Santiago de Compostela, Colexio Compañía de María.

A Paz é o lema da XVII edición do Certame literario que organiza a Compañía de María de Santiago. O


libriño recolle os premios de poesía, prosa e viñetas e que foi editado co gallo do Día das Letras galegas de 1995. A este certame presentáronse alumnos/as de Primaria, BUP e COU deste Colexio, contribuíndo deste xeito tanto a potenciar a nosa lingua como tamén os valores da paz. Eles/elas coas súas creacións tratan de busca-la paz, falar coa paz, cantar á esperanza da paz e tamén aos lugares onde creen que existe. Unha feliz iniciativa á que debemos felicitar a entidade organizadora e moi especialmente ao alumnado pola súa participación e as súas creacións. Ogallá que o seu compromiso dure toda a vida.



As persoas interesadas na publicación poden poñerse en contacto co Colexio Compañía de María de Santiago de Compostela. Tfno. (981) 58 95 40 - Fax: (981) 57 49 65

■ **PEREYRA, Daniel (1994): Del Moncada a Chiapas. Historia de la lucha armada en América latina.** Madrid, La catarata.

Para aquelas persoas interesadas en ter un máis exacto coñecemento dos movementos revolucionarios e sociais en América Latina, o libro de Daniel Pereyra "Del Moncada a Chiapas. Historia de la lucha armada en América Latina", é un excelente material de consulta. Este exhaustivo traballo, profusamente documentado, narra en pouco máis de 250 páxinas todo o complexo e desconcertante transcurso dos movementos armados nos diferentes países do conflictivo subcontinente, dende as primeiras manifestacións independentistas do século XVIII ata a aparición do Exército Zapatista de Liberación Nacional mexicano. Resposta armada a determinados conflitos que o autor expón como previsible en tanto en canto a tan cacareada nova orde internacional condeá á represión e á miseria a inmensa maioría da poboación de América Latina.




O libro inscribese na interesante e recomendable colección de "Los libros de la catarata" onde se inclúen títulos tan atractivos como **Hacia la reconversión del transporte ecológico en España**, de A. Estevan e A.

Sanz; **Dunas en la playa. Reflexiones en torno al poder**, de R. Busom e J.J. Sánchez; **Manual para una economía ecológica**, de R. Bermejo; **Manifiesto ecossocialista ou Educar para la paz. Una propuesta posible**, do Seminario de Educación para a paz da APDH de Madrid.

As persoas interesadas en obter estas publicacións poden dirixirse a: Grial Libros. Salvadas, 37 (Vista Alegre). 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA. Tfno: (981) 58 95 44. Fax: (981) 58 01 45. En Madrid, Tfno. (91) 380 28 75. Fax: 380 34 40.

■ **INTERMÓN (1995): Hacer futuro en las aulas.** Barcelona, Intermón.

"Hacer futuro en las aulas. Educación, solidaridad y desarrollo", é o título do libro que ven de publicar a Fundación Intermón. Quinto título da Colección libros de Encontro, quen ten por obxectivo reunir visións, ás veces contrapostas, que teñen o Norte e o Sur sobre economía, ecoloxía, desenvolvemento, educación, medios de comunicación e outros temas de interese social.



Neste traballo incídese sobre a importancia de incorporar conceptos como desenvolvemento e solidariedade nos actuais programas educativos. Froito da reflexión posterior ó "I Seminario de Educación para la Solidaridad", realizado en Madrid durante o curso 93-94, no que pedagogos e profesores conxugaron formulacións teóricas con experiencias educativas concretas levadas a cabo no ensino secundario.

O libro está ordenado en tres apartados, seguindo un plantexamento didáctico. En primeiro lugar un conxunto de reflexións multidisciplinares intentan plasmar os marcos de análises da realidade contemporánea nos que se pode situar a pedagogía da solidariedade. De seguido ofrécese unha visión teórica dos conceptos que manexa a educación para o desenvolvemento, en canto á súa aplicación na organización curricular que posibilita a L.O.G.X.E., así como o traballo que se leva a cabo dende as O.N.G.'S neste ámbito. A terceira parte presenta diferentes experiencias en áreas curriculares específicas, que permiten a súa aplicación no entorno de cada educador tendo en conta as dificultades e posibilidades que presenta dita tradución á clase diaria.

Unha obra que ven a ocupar un oco existente na incorporación ó Ensino Secundario da Educación para o Desenvolvemento, partindo da reflexión teórico-práctica, invitando así a súa incorporación curricular nos centros de ensino.

Pódese pedir a INTERMÓN, Salvador de Madañaga, 45, baixo. 15008 A Coruña. Telf. 981-135444.

ALVAREZ, Delmi (1994). Reporteiro de guerra en Iugoslavia. Fotografías, vivencias e horrores dun xornalista galego nas guerras de Croacia e Bosnia. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Este libro é unha interesante crónica sobre a guerra na ex-Iugoslavia. O autor describe a crúa situación que alí se desenvolve nunha especie de diario da súa viaxe por eses escenarios, tanto a nivel narrativo como fotográfico.

Consta de dúas partes, a primeira recolle o seu paso por Croacia en agosto do 91 e a segunda por Bosnia en agosto do 1993.


Creemos interesante a lectura desta crónica intensa e apaixonante dun xornalista que tivo a valentía de aproximarse a esta realidade e compartir o medo, a dor e as miserias humanas, mostrando a covardía ante o conflito, a hipocresía e a falta de solidariedade comunitaria.

É un relato impactante.

As persoas interesadas nesta obra, poden adquirila en: Edicións Xerais. R/ Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo. Tfños.: (986) 29 61 16 e 29 62 32.

**RÍOS, Xulio (1995):
Nacións Unidas, textos fundamentais.**
Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Coincidindo coa celebración do 50 Aniversario da creación da O.N.U. e coa do ano para a Tolerancia, o



Director do IGADI saca á luz o caderno aquí reseñado.

Este, tras unha breve presentación de Mario Zamorano, Director da Oficina de Información da O.N.U., e dun pequeno limiar, consta de:


- Introducción, na que o autor resume a historia das Nacións Unidas e a súa organización.

- Documentos, neste apartado o autor recopila textos como: a carta da O.N.U., os estatutos da Corte Internacional de Xustiza, declaración Universal dos Dereitos Humanos, Pacto Internacional dos dereitos Económicos, Sociais, e Culturais, etc.

- Anexos, nos que aparecen unha porposta para a reforma das Nacións Unidas do Centro de Investigación para a Paz de Madrid e do Seminario de Investigación para a paz de Zaragoza; unha reseña dos países membros da O.N.U. e as datas de incorporación, e un Almanaque Internacional de celebracións propostas por esta Organización.

Alegrámonos de contar con esta obra, a primeira que recada e traduce integramente ó galego os textos fundamentais das Nacións Unidas, agás a Declaración Universal dos Dereitos da Persoa, publicada en galego pola APDH en 1984, e tamén no noso libro "Educar para ama-la paz" (1986). Textos necesarios para reflexión sobre a Paz, respecto ós dereitos do ser humano, o desenvolvemento e a democracia.

As persoas interesadas en adquirila poden dirixirse a: Edicións Xerais de Galicia, Dr. Marañón, 12, 36211 VIGO. Tfños.: (986) 29 61 16 e 29 62 32.



NOVAS

II XORNADAS DE DEBATE SOBRE DISCRIMINACION, RACISMO E XENOFOBIA

Organizadas pola Cruz Vermella Xuventude da Coruña, tiveron lugar nesta cidade os días 7 e 8 de setembro estas II Xornadas. As mesmas consistiron en dúas táboas redondas sobre "A convivencia entre culturas, visións e opinións" e "Como traballar pola convivencia. Acción e compromiso"; unha exposición de fotografías contra o racismo e a xenofobia; un obradoiro de danzas do mundo; outro de xogos populares e un terceiro de xogos de outras culturas. Compre sinalar que estes obradoiros fixéronse en diversos barrios da cidade. Unha idea que compre profundizar e estender.

IV ENCONTRO SOBRE INMIGRACION, REFUXIO E ASILO

Organizado pola ONG Ecos do Sur, tivo lugar na Coruña, do 8 ao 10 de novembro esta IV Encontro, baixo o rótulo de "Educar na tolerancia: a universalidade solidaria fronte ao particularismo etnocéntrico". O Encontro consistiu en dúas táboas redondas sobre "A retórica da exclusión; intolerancia racial e xenófoba en España e Galicia" e "Valores e sistema educativo; o actual sistema educativo fronte ás minorías e o problema do racismo". Ademais destes actos, houbo unha exposición gráfica sobre "Humor e racismo" e outra sobre "Enquisa a estudantes de nivel secundario da Coruña e comarca".

O Encontro pechouse cunha cea solidaria. Para máis información: Ecos do Sur. Ronda de Outeiro, 131-1º. 15007 A CORUÑA.

CURSO DE INTERMON

O 11 de novembro do 95 tivo lugar en Santiago un curso introductorio sobre "A solidariedade na práctica escolar", organizado por Intermón. No mesmo presentouse o programa educativo "Educación para a solidariedade"; a semana da solidariedade co Terceiro Mundo e unha conferencia sobre "A educación para a paz como tema transversal". As persoas interesadas neste programa poden poñerse en contacto con INTERMON-GALICIA. R/ Salvador de Madariaga, 45-baixo C. 15008 A CORUÑA. Tfno. (981) 13 15 44. Fax: (981) 13 39 11.

CICLO DE CONFERENCIAS "A PAZ, A SOLIDARIEDADE E A COOPERACION"

Organizadas pola asociación Máximo Gorki de Vigo, e coa colaboración de Educadores pola Paz-NEG, tivo lugar en varios centros de Vigo unha serie de conferencias sobre a temática da paz, a solidariedade e a cooperación. Ademais delo a citada Asociación convocou un concurso de redacción para os escolares de 6º, 7º e 8º de EXB entre os colexios de Vigo coa temática sinalada. O día 1 de decembro tivo lugar a entrega de premios e un concerto da Coral Máximo Gorki. Máis información: Asociación Máximo Gorki. R/Marqués de Valladares, 14-1º, Oficina 5. 36201 VIGO. Tfno: (986) 224457.

CURSO SOBRE "EDUCACION E LINEAS TRANSVERSAIS"

Organizado polo Instituto de Promoción de Estudos Sociais (IPES) de Pamplona, estase a desenvolver en varias fases e con varios módulos un interesante curso sobre "Educación e líneas transversais". Nos mesmos desenvólense catro líneas, coeducación, desenvolvemento, meio ambiente e paz. Sen dúbida unha aposta seria e rigurosa de traballo. Ademais desta actividade temos que salientar o enorme e interesantísimo traballo que está a desenvolver este Instituto, que vai desde conferencias, cursos, proxeccións cinematográficas, etc. sobre temas diversos de Ciencias Sociais; saúde; ocio e tempo libre e educación e comunicación, todo elo, claro está, desde e para a construción dunha cultura alternativa, crítica e solidaria. Noraboa sinceira polo seu traballo.

NOVOS CADERNOS BAKEAZ

Outro centro que segue a traballar moito e ben é BAKEAZ de Bilbao, do que xa nos temos referido a él nestas páxinas. Agora acaban de saír novos títulos dos seus interesantísimos "Cuadernos Bakeaz": O nº 8 "Los sustratos teóricos de la educación para la paz", de Xesús R. Jares; o nº 9 "La educación para el desarrollo", de Juan José Celorio; o nº 10 "Educación antirracista e interculturalidad", de Angela Mª da Silva; o nº 11 "La educa-

ción para la paz en el currículo de la reforma", de Pedro Saéz; o nº 12 "Bosnia, la agonía de una esperanza", de Martín Alonso Zarra e o nº 13, "Objeción de conciencia e insumisión", de Xabier Etxeberria. As persoas interesadas en pedir estas publicacións (suscripción anual, seis números, 1200 pts.), deben dirixirse a BAKEAZ. Avda. Zuberoa, 43, baixo. 48012 BILBAO. Tfno (94) 421 37 19. Fax: (94) 421 65 02.

OS CADERNOS BAKEAZ EN T.E.

Unha boa nova para as persoas que estamos empeñadas en difundir unha cultura de paz en xeral e a educación para a paz en particular, é o acordo do centro de documentación e estudos para a paz Bakeaz de Bilbao e a revista Trabajadores de la Enseñanza T.E., que difunde a Federación de Ensino do sindicato de CC.OO. Precisamente os títulos ligados á educación para a paz que reseñamos na anterior nova, números 8, 9, 10 e 11, van ser distribuídos nas páxinas de T.E. como cadernillos centrais respetando a edición orixinal. Isto supón que os textos anteriores acaden a tirada de 60.000 exemplares. O primeiro deles xa saíu no número de decembro. Noraboa a ambas organizacións pola iniciativa. E que fructifiquen máis.

CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE XOGUETES

Nas datas de Nadal nas que estamos aparecen diversas campañas solidarias de recollida de xoguetes para nenas e nenos marxinaados. Unha delas, con anuncio publicitario pagado na prensa incluído, é a que está a desenvolver durante todo o mes de decembro o Concello de Oleiros, titulada "Xoguetes para os nenos cubanos", dirixidos a Ludotecas e Escolas infantís de Cuba. Recollense todo tipo de xoguetes, agás os xoguetes bélicos e os xoguetes con baterías ou pilas. Noraboa ao Concello de Oleiros por esta iniciativa porque como di a cita de José Martí coa que se enceta o anuncio publicitario "Para los niños trabajamos, porque los niños son los que saben querer, porque los niños son la esperanza del mundo". Para máis información: Concello de Oleiros, Tfno. (981) 61 00 00 e 61 05 26.

III JORNADAS ARAGONESAS DE EDUCACION PARA LA PAZ

Do 29 ao 31 de marzo terán lugar en Zaragoza as III Jornadas aragonesas de Educación para la paz, co tema de "Educación nos Dereitos Humanos". Como en edicións anteriores están organizados polo Seminario de Investigación para a Paz do Centro Pignatelli. Os ponentes serán Adela Cortina; Rafael Grasa; Xesús R. Jares e Pedro Saéz. Ademais das conferencias haberá talleres simultáneos sobre diversos aspectos da educación en dereitos humanos e presentación de experiencias. Estamos seguros que, como nas edicións anteriores, está garantizado o éxito. Que así sexa. Para máis información: Centro Pignatelli. Paseo de la Constitución, 6. 50008 ZARAGOZA.

Tfno: (976) 21 72 17. Fax: (976) 23 01 13.

INSUBMISO GALEGO EN PRISION

O pasado día 2 de xaneiro ingresou na Prisión de Vigo o insumiso vigués José M^a Valeiras Roldán, tras ser condenado a dous anos e catro meses de prisión por negarse a cumprir a Prestación Social Substitutoria (PSS). O xoves 4, o MOC de Vigo ocupou pacificamente as instalacións de Radio ECCA como acto de protesta por ter sido esta entidade a que denunciou ao insumiso que tiña que cumprir na mesma a PSS. O noso grupo, Educadores pola paz, ven apoiando ao MOC na súa loita

nonviolenta por unha sociedade desmilitarizada e unha vez máis ten que denunciar o atropello legal tanto da penalización da insumisión como nas diferentes sentencias dos xuíces ante un mesmo feito. Neste caso, apoia e solicita das e dos lectores do NOVAPAZ o envío de cartas de adhesión e apoio a José M^a Valeiras Roldán, por unha banda, e a dirección da prisión solicitando a concesión do Terceiro Grado para que José M^a poida continuar cos seus estudos, por outra. A dirección nun e noutro caso é: Centro Penitenciario de Vigo. Avda. de Madrid, 106. 36214 VIGO.

X ENCONTRO GALEGO E III GALAICO-PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ

Desde as páxinas do NOVAPAZ convocamos a cita anual de todos aqueles e aquelas que nos identificamos cos presupostos ideolóxicos e didácticos dunha educación para a paz. Como é sabido, desde fai dous anos e como froito da nosa colaboración "institucional" cos nosos colegas portugueses, os Encontros fanse un ano alén Miño e ó seguinte na Galiza. Este ano corresponde organizalo no país veciño.

DATAS DE CELEBRACION:

12, 13 e 14 de abril de 1996

LUGAR:

INATEL de VILANOVA DE CERVEIRA
(Viana do Castelo, Portugal)

ORGANIZA:

Educadores pola Paz-Nova Escola Galega e
Movimento dos Educadores para a Paz de Portugal (MEP)

APOIAN:

Sindicato dos Profesores do Norte de Portugal (SPN)

PROGRAMA (Avance):

Venres, día 12 de abril:

- 16 h. Recepción, aloxamento, entrega de documentación.
- 18 h. Xogos cooperativos.
- 19 h. Apertura, Boas vindas.
- 19,15 h. Táboa redonda. "¿Racistas son os outros?". Intervenien representantes de ONGs galegas e portuguesas.
- 20,30 h. Cea/Jantar.
- 22 h. Salutación-presentación dos grupos e organizacións presentes no Encontro. Xogos cooperativos. Videos.

Sábado, día 13 de abril:

- 8,30-9,30 h. Almorzo (pequeno almoço)
- 9,30 h. Presentación do documento de debate deste ano: "Multiculturalismo e interculturalismo. Educación multicultural".
- 10,30 h. Aclaración de dúbidas, preguntas (En gran grupo).
- 11 h. Pausa, café.
- 11,30 h. Traballo, reflexión en grupos simultáneos sobre o tema de debate.
- 12,30 h. Conclusións, posta en común (Gran grupo).
- 13,30 h. Xantar (Almoço).
- 16 h. Presentación simultánea de experiencias.
- 18 h. Pausa, café.
- 18,30 h. Obradoiros/Oficinas simultáneos.
- 20,30 h. Cea/Jantar.
- 22 h. Gran Festa pola Paz.

Domingo, día 14 de abril:

- 9-10 h. Almorzo (pequeno almoço)
- 10,30 h. Continuación dos obradoiros/Oficinas.
- 12 h. Pausa, café.
- 12,15 h. Asamblea xeral. Avaliación e Conclusións do Encontro.
- 13,15 h. Foto da paz.
- 14,30 h. Xantar (Almoço). Clausura/Encerramento do Encontro.

EXPOSICION E VENDA DE MATERIAIS:

Durante o ENCONTRO haberá exposición de materiais dos escolares e venda de materiais alternativos. As

persoas/grupos que queiran desenvolver unha destas actividades deben comunicalo á organización para reservar o espazo.

PRECIO:

a) Socios de NEG e do MEP; estudantes e parados: Matrícula máis pensión completa todo o fin de semana en habitacións dobles: 16.000 Escudos.

b) Resto: Matrícula máis pensión completa todo o fin de semana en habitacións dobles: 17.500 Escudos.

INSCRIPCIONS:

Prazas limitadas.

Data límite de inscrición: 30 de marzo do 96.

A) Para as persoas da Galiza e resto do Estado español: Enviar os datos persoais, xunto coa fotocopia do xustificante da transferencia bancaria a: Educadores pola Paz. Apdo. 577. VIGO (Pontevedra). España.

Nº DE CONTA DE EDUCADORES POLA PAZ:

04.019453.5 de Caixavigo (O.P.) en Vigo.

B) Para as persoas de Portugal: Transferencia bancaria á mesma conta de educadores pola Paz de Vigo; cheque cruzado ou transferencia a nome do Encontro. Para máis información chamar ao nº de tfno: 607 05 00 do PORTO. Fax: 607 05 95.

PRESENTACION DE EXPERIENCIAS:

As persoas ou grupos que presenten experiencias deberán enviar un resumo da mesma nun máximo de dous folios para entregar aos asistentes (Prégase acompañalo con soporte informático en WP.5.1), xunto cos seus datos persoais e o material que precisan para a súa exposición.

DATA TOPE DE ENTREGA: 1 de marzo do 96.

CERTIFICADO ASISTENCIA

Entregarase aos asistentes Certificado de asistencia oficial por valor de 16 horas de formación.



A VILANOVA DE CERVEIRA EN AUTOBUS (Coruña-Santiago-Vilanova e regreso)

Para facilitar o transporte ás persoas do Norte de Galicia para asistir a este X Encontro galego e III Galego-portugues de Educadores pola Paz, sairá da Coruña un autobus o venres día 12 ás 14 h. con parada en Santiago, saída de aquí as 15,15 h., e con regreso o domingo 14 despois do xantar. **O precio sería de 3500 pts. por persoa ida e volta.** Pero é condición que se complete o autobús. De non haber demanda suficiente teríamos que cancelar esta opción e cada un tería que buscarse a vida pola súa conta (En todo caso os que teñan problemas para desprazarse que nolo comuniquen).

As persoas interesadas na opción do autobus debedes comunicalo antes do 1 de marzo a:
Educadores pola Paz - Apdo. 577 de Vigo
ou ben chamando aos teléfonos de Vigo
- (986) 48 15 89 (Anxos)
- (986) 37 46 56 (Raquel ou Paula).

X ENCONTRO GALEGO-III GALAICO/PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ

FICHA DE INSCRIPCION

Nome e apelidos:

Domicilio:

Cidade: Tfno:

Centro de traballo:

Area ou materia que imparte:

Vas presentar alguha experiencia/Comunicación?:

En caso positivo sinalar o título e a temática

OBSERVACIONES:

NOVA CUOTA DE SUBSCRIPCION DO NOVAPAZ

Como ben sabedes, referíndonos aos prezos, coa entrada do novo ano todo sube. A impresión e os envíos por correo do NOVAPAZ non son unha excepción. Desde a súa saída, fai agora cinco anos, este Boletín informativo mantivo sempre os mesmos prezos (500 pts. por ano), agora non só temos que subir a 1000 pts. a subscripción anual senón que temos que **faceros un cha-**

mamento para que vos subscribades. Nestes momentos somos case mil cinco centas persoas as que estamos na rede do NOVAPAZ. O obxectivo que perseguíamos con este Boletín estamolo conquerindo con creces. Só falta agora asegura-la súa continuidade. De vós depende.

NOVAPAZ

BOLETIN DE SUBSCRIPCION

NOME E APELIDOS:
DOMICILIO:
LOCALIDADE: TFNO:
CENTRO DE TRABALLO:
LOCALIDADE:
CUOTA (mínimo 1.000 pts.):

FORMA DE PAGO:

Transferencia bancaria a nome de Educadores pola Paz
Nº DE CONTA: 04.019453.5 de Caixavigo (Oficina principal) en Vigo.

ENVIA ESTA FICHA E O RESGUARDO DA TRANSFERENCIA A:

Educadores pola Paz. Apdo. 577. VIGO (Pontevedra). España.



PAPEL RECICLADO

A NOSA CONTRIBUCION A DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE



EDUCADORES/AS POLA PAZ

Apartado 577 - VIGO
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 -90

Imprime: FEITO, S.L. Hernán Cortés, 13-15 Int. - VIGO

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

